

Teatro Galego :: MITIN

por Alvaro das Casas



Ed. Nós. Rúa do Vilar, 15. Santiago

Alvaro das Casas

MITIN

NÓS

SALVADOR REY A. 1.

# TEATRO GALEGO



|                                   |      |
|-----------------------------------|------|
| <i>O MARISCAL</i>                 | 1'00 |
| <i>A MORTE DE LORD STAÜLER</i>    | 1'20 |
| <i>PANCHO DE RÁBADE</i>           | 0'80 |
| <i>TRES CONVERSAS</i>             | 1'00 |
| <i>MOURENZA</i>                   | 0'80 |
| <i>A TOLA DE SOBRÁN (agotada)</i> | 0'80 |
| <i>TRIPTICO TEATRAL (agotada)</i> | 3'00 |
| <i>DOUS FOLK-DRAMAS DE YEATS</i>  | 1'50 |
| <i>MATRIA</i>                     | 1'00 |
| <i>NOUTURNIO DE MEDO E MORTE</i>  | 0'80 |
| <i>BEIRAMAR</i>                   | 1'50 |
| <i>MARIA ROSA</i>                 | 1'20 |
| <i>A LAGARADA</i>                 | 0'80 |
| <i>O BUFÓN DO REI</i>             | 0'80 |
| <i>OS EVANXEOS DA RISA ABSO-</i>  |      |
| <i>LUTA</i>                       | 5'00 |
| <i>PEPA ANDREA</i>                | 1'50 |
| <i>RECHOUCHIO</i>                 | 1'50 |





# M I T I N

*Nunha casa calquera dunha vila calquera do país, o escritorio dun señor viudo a menos. Algúns libros, algúns coadros, algunhas cadeiras. D. Xoquín --trinta e non sei coantos anos-- está a escribir.*

MINGOS

(Dende fora, batendo na porta). Él dá licencia?

D. XOQUÍN

Adiante

MINGOS

(Entrando). Co seu permiso.

D. XOQUÍN

Boas tardes, Mingos; pasa.

## MINGOS

Avanta, Solón (a D. Xoquín). Fólgame de velo tan bón.

## SOLÓN

(Entrando). Tenja moi buenos días, Don Xoquín.

## D. XOQUÍN

(A Solón). Salud, colega. (Adiantándose efusivo aos dous). Qué milagre por eiquí? Qué contades?

## SOLÓN

Vimos por una palabrita.

## MINGOS

(Saudando). E a señora? Está boa? E a señorita Sabel? Vostede, meu amo, está que dá xenio velo. Louvado seña Deus!

## D. XOQUÍN

Sentáivos. (Ofercendo tabaco). Un pito? (Aceitan. Solón alcende con fósforos, moi gobacho; Mingos fai lume co a pederneira, ofercendo primeiro a D. Xoquín).

## MINGOS

Desimule.

## D. XOQUÍN

Tí sempre ao antigo; está ben, meu Mingos, moi ben. E a parenta? E os cativos?

## MINGOS

Por alá andan, meu amo: ela mallada de andacios i-eles feitos uns pillaváns. Olle que o máis pequeno sáille unha troita de moita pinta. Andalle ás mozas como un home.

## D. XOQUÍN

Fai ben, ten a quen sair. Aínda non topas tes con él n-algunha fiada? Habedes andar a paus pol-a mesma rapaza; xa verás.

## MINGOS

Séica tolea. Eu xa non me teño das pernas.

## D. XOQUÍN

Pois o que é si te chegas a ter, capaz és de inzar no país enteiro. Quén non te cono-  
ceral (Pausa). E vostede, Solón, como van esos xuicios de faltas?

## SOLÓN

A lo preceutive imos tirando. Aúñ onte le meti un intredito al *Carpazas* como para fendelo; pra eso bástome solo. Vostede bien sabe que non he sido juez de derecho por que non me petó la gana. Algo mais saco así: hoy una consulta, mañán una demanda,

el otro de home bueno... Como me caigan las partixas del Abade de Roucos, limpo dez mil reás libres. Que me coma o demo si non.

D. XOQUÍN

O día que en Soutolongo a xente abra os ollos, quéimano vivo, Solón; dígollo eu.

SOLÓN

(Aldraxado). Rebastiano Pérez Pérez, pra servir a usted.

D. XOQUÍN

Solón é un nome insiñe. Aínda non-o sabía?

SOLÓN

Sei que me lo puso de alcume aquel canalla... Así lo vea comido de los corvos.

D. XOQUÍN

En castelán dise *cuervos*.

SOLÓN

Muchas gracias, D. Xoquín.

MINGOS

(Atallando). Pois eu viña, meu amo, pra lle consultar uns papeis. Non sei si sabe que merquei a seara do Caramuxo.

## D. XOQUÍN

Fixeste ben; estremaba contigo i esí qué-dache unha herdade moi xeitosa. En troques de esnaquizar as terras compre xuntas, pra facer éidos de bon traballar; a metade do tempo váisevos en ir deiquí pra acolá, co-as ferramentas, gastando o día pol-os camiños. As terras xuntas trabállanse mellor, vixíanse mellor, gastan moito menos, e parez que dan colleitas dobres.

## SOLÓN

Outros dicen que no; asegún las manumisiones.

## D. XOQUÍN

As qué?

## MINGOS

(Atallando). Aporveitei que viñamos á feira pra lle consultarun choio, D. Xoquín. (Dalle un papel).

## D. XOQUÍN

Imos ver. (Pónse a lér a escritura que lle dou Mingos).

## MINGOS

(A Solón, en voz baixa). Hoxe non das unha.



SOLÓN

(A Mingos). Que saberás tí de legislación viguente!

D. XOQUIN

(Interrumpindo a lectura, a rir). Home, ten gracia.

MINGOS

(Asustado). Qué acontez, meu amo?

D. XOQUÍN

Tamén podes eiquí *petá, guinda, millo, canastos, valados*... Esto é a mais diviña eisaltación do bilingüismo.

SOLÓN

(Pedante). Escrebiuse con el código en la mano. A lo precentive desas palabras, son tan idiomáticas como las gallegas.

D. XOQUÍN

(A Solón). Vostede si que é *idiomático*, a lo *precentive*.

MINGOS

Paguei pol a seara trinta mil réas.

D. XOQUÍN

Mercastes ben; váleos.

SOLÓN

Por parte los derechos.

D. XOQUÍN

Suben a moito os de vostede, Solón?

SOLÓN

Por se tratar de mi compadre pasei en vintecatros reales mi trabazo. Vostedes alfen levar bien máis, ya lo sé, maormente por usar de título.

MINGOS

(A Solón, indinado).—Ou váite ou cálate, recristol

D. XOQUÍN

Non te afixas, Mingos.

MINGOS

Olle que este home chuchame os miolos; anda así, de babian, dende que rompeu o día.

(Solón vai responder).

D. XOQUÍN

Cale vostede, Solón; nós, os homes de letras, temos de ser indulxentes.

SOLÓN

Estes paisanos non entenderán nunca.

D. XOQUÍN

Por sorte pra vostede. Déixese ir. (Segue a lé).

MINGOS

(A Solón, en voz baixa). Váite dar unha paucada o señorito que te fende.

SOLÓN

(A Mingos). Saberás que a chulo aínda non topéi un guapo que me batera.

D. XOQUÍN

(Devolvendo a Mingos o seu documento). Pagas ao contado. Fás ben.

SOLÓN

Por evitar un crédito fiduciario.

MINGOS

(Salaiante). Estamos nuns tempos en que mexan por nós e hai que decir que chovel

D. XOQUÍN

(A Mingos). Son boa xente os testigos?

MINGOS

Ben sabe que en Soutolongo, fora deste (por Solón), toda é xente de ben.

SOLÓN

(A Mingos). Oes tí, larchán, colle o tempero que xa me estás amolando.

D. XOQUÍN

Louvado seña Deus que xa fala en *idiomático*, Sr. Pérez.

MINGOS

Esta foi boa, Sólon.

D XOQUÍN

Boeno. E que se dí por alá? Qué se fala das eleccións? Con quen vades?

MINGOS

Pois por aló, meu amo, todo vai do mesmo xeito. Agora vostede non quere saber de nós...

D. XOQUÍN

Endexamáis voltaréi por aló; daríame moita tristura. E o pazo, está moi trocado?

SOLÓN

Lindo de verás. El indiano púsolo todo de galerías, desmochó la torre, picou aqueles bichos de la piedra de armas, echó embajo la cheminea... Agora tiene otro nombre, llámanle Villa-Rosario.

D. XOQUÍN

Mellor, moito mellor xá.

SOLÓN

Tal pienso; aquilo de *Casa-grande dos Quintás* era boeno para el feudalismo.

## MINGOS

Entendo que non queira voltar ao lugar, D. Xoquín, mais nós, enténdame, temos saudade de sí. Eu daría canto son e canto teño, tolo de ledicia, por ollalo como noutro-ra no meu quinteiro, a xogar cos meus pícaros como un rillote máis. Lémbrese? Vostede era moi novo e recendía a rousas, e tiña un non sei qué... Ai, meu amo, que tempos aqueles! Agora...

### D. XOQUÍN

Agora, como onte e como mañán, cada un ten de vivir a sua vida. O pazo, na miña casta, tiña de ter pedra de armas, e soláina de pedra grá, e fiestras miúdas pra as donas filalgas, e musgos, e silveiras, e goteiras, e lebreus, e portas de castiñeiro, e cociña con gramalleira pra o pote dos cochos, e salóns grandes e longos e fondos silencios na noite; i espiritos do alén, e salaios, e bágoas, bágoas, moitas bágoas Mingos, moitas bágoas!

## MINGOS

Séino eu!

### D. XOQUÍN

O dono de agora ten a sua vida, seu pasado e o seu porvir, suas preocupacións, seus gostos, e o seu fogar ha ser todo seu, ao seu

modo. E olle: él é tan nobre como eu, con mais merecimentos que eu, e o seu casal non ha deixar de ser fermoso. Si eu non tivera nascido alá, abofellas gostaríame de velo, e aínda de vivilo (pausa). E que se dí das eleccións? Agora pódo vos perguntar, que cando alá estaba nunca de tal vos falei.

SOLÓN

Es verdade.

MINGOS

Pois o crego xa anda aos votos.

D. XOQUÍN

Faría mellor en se ocupar da eirexa.

MINGOS

Cada serán aparecen pol-a porta os do concello.

D. XOQUÍN

Mágoa non apareceren cada serán do ano, pra ollar como están os camiños, e as fontes, e a pontella d-enriba, e a casa da escola.

MINGOS

Pechou por que vai pra dous anos que non-a pagan.

D. XOQUÍN

Cada vez a peor.

## SOLÓN

Con todo eu vou con los conservadores.

## MINGOS

Eu teño que lle dar o voto a D. Xeromo. Ben comprende: ténme avinzado por corenta réas, recomendóume ao fillo pra o servicio e por outra... aínda lle debo unha punta de pesos.

## D. XOQUÍN

Ruin negocio; dame o corpo que contigo perde coartos.

## MINGOS

Asegún. Ben mirado é pol-os nosos votos que él campa, e señorea, e ten amigos, e se fai home, e dá carreira aos fillos. Enténdelle ben o choio.

## D. XOQUÍN

Pro contigo perde diñeiro.

## MINGOS

Un por un perde con todos nós, mais pón-denos a todos xuntos tira gañancia; eu non lle entendo como é, mais élle así.

## SOLÓN

El ser cacique que dicen.

## D. XOQUÍN

Perde sete ou oito mil pesetas cada ano e gaña trescentos votos. Sáinlle ben pagos.

## MINGOS

Mais dése conta que con trescentos votos un home pinta e rabia. Vostede mal o pode entender por que nunca os tivo.

## D. XOQUÍN

Tamén é certo, meu vello.

## MINGOS

Dispón do concello como lle peta, fai o que quer na diputación, chámase de tú co gobernador, ten ao seu mandado a todol-os cregos, non paga bautizos, nen casamentos, nen cédula, nen contribucións, nen consumo, nen billete no coche de liña. Ténlle un bó momio.

## D. XOQUÍN

E por qué o facedes home?

## MINGOS

I-eu que vou a facer si non? Quén me vai consultar aos fillos? A quen vou a pedir empréstados dez pesos cando me fagan falla? Quén me vai a tirar do corpo unha suba do consumo? Quén me pode abrir unha porta entre o señorío da vila? Quén me pode meter, o día de mañán, no hospital? Fai pouco



estiveron uns homes en Soutolongo que falar falaban que era o propio evanxeu, mais fóronse, e qué? Onde están? Como os teño de buscar? Vostede é certo que si eu dou con eles, farán por min o que fai D. Xeromo? Meus amigos, eran tan probes como eu!

D. XOQUÍN

O noso señor Xesucristo foi o probe mais probe do mundo.

MINGOS

Así o puxeron. Non quero pra mín nnha morte tal.

SOLÓN

(A Mingos). A lo preceutive debes falar con mais respecto del Altísimo.

MINGOS

Con respecto falo, Solón, e que morreu en cruz i-espido como un afogado non o inventei eu, que a centos de cregos llo teño ouvido.

D. XOQUÍN

Cristo é a figura mais insiñe de todol-os tempos. Cando o Sr. Abade vos fale d El...

MINGOS

Non fala endexamais; váiselle a prédica en falar da república, do rei, dos deputados,

dos rapiñeiros que lle van á froita, dos estremeiros da viña, e, craro está, váiselle o tempo. Non se lle vai así pra cobrar: non perde patacón, nen agarda por él unha hora. Como el dí, «os cartos fixéronse pra alivio da memoria».

D. XOQUÍN

(A Solón). Estou certo que vostede faría un crego dunha peza; xa terá estudado o seu de patrística, teoloxía, litúrxica, ermenéutica...

SOLÓN

(Ledo, a maxinar que o pillou nun erro). Non se dice *ermenéctica* en castellano?

D. XOQUÍN

Por agora non.

MINGOS

(Por Solón). Este o que daba era un bó abogado.

D. XOQUÍN

Así, así.

SOLÓN

Así, así? Pues a más de uno le puxen raya.

D. XOQUÍN

Aposto a que non.

## SOLÓN

Y a vostede mesmo si téima mucho, a lo preceutive. Imos ver si resolve esta consulta que yo resolvín: un veciño tiene una cabra que entra na viña de otro y le debulla una dúcea de cepas. Ven el desprefeuto siete testigos. Como se ten de arreglar pra salir bien en el xuicio?

## D. XOQUÍN

Home..., a verdade..., habendo testigos..., e setel

## SOLÓN

Pues fíxose tal cual dije e ganamos. Meu hombre reconoció sere sua la cabra, os testigos declararon o que tiñan visto, y enton meu cliente vai e dice al gúez: a min a cabra desaparecéume na viña —estes viroma— e non volvín a saber dela. Y el demandante tivo de pagarlle a cabra. Descontadas las cepas, es claro.

## D. XOQUÍN

E que se fixo da cabra?

## SOLÓN

Meu cliente fuérala vender, por orden mía, a un tratante de la Golada.

## MINGOS

(Por Solón). E dóulle un xeito, pois non?

D. XOQUÍN

(Con mágoa). Litigades por todo i-esí andades de acabados. Pol-o que val catro pesós gastades corenta, e ficades tan campantes.

MINGOS

Os litixios non son pol-as cousas.

D. XOQUÍN

Entón por qué?

MINGOS

Pol-o aquel de quedar ben e probar que un aínda ten amigos.

D. XOQUÍN

Mais deso non se come.

MINGOS

Come, come, meu amo. Eu andívenlle no xuzgado mais de dous anos por unha eistrema que non chegaba a dúas coartas nun barazal de dazasete cabaduras. Enténdeme? E gañei, centella!

D. XOQUÍN

E gastaches?

MINGOS

E gañei, recorciol! E olle que así ninguén mais puxo o pé nas miñas herdades, e si chego a perder, dígolle D. Xoquín que aca-

ban conmigo: hoxe viríanme ás leñas, mañáu ás fabas, outro día ás herbas... A xente diría: bah! non che se mete en xusticia que xa é home sin amigos.

### SOLÓN

Moi rebién pensado, si señor.

### D. XOQUÍN

Coitados de vós! Dádesme mágoa; véxo as vosas feridas e láíome delas con toda a miña ialma. Porqué non vos correxides? Sondas de caste mais rexa e valente do mundo, pro estades como apodrecidos. Orgaizáivos entre vós, por parroquias, e resolvei na sociedade os vosos litixios, á boa fé. Canto aforraríades, e non soio de cartos!

### SOLÓN

Os señoritos como Vd...

### D. XOQUÍN

Eu endexamais fun *un señorito*. traballei dende neno, fixen a pulso a miña carreira, gañei sempre pra o meu pan e pra manter aos meus; defendín sempre que a terra ten de ser pra o que a traballa, que as herdades hermas do señorío deberían ser ouxeto de incautación, que o que non traballa non ten dereito á vida; que os cregos non teñen nada que facer na política, que os políticos deberían sair directamente do pobo, que

nnha sociedade que recoñece privilexios é  
unha sociedade que glorifica a servidume...

### SOLÓN

Vostede, D. Xoquín —y disculpe— siem-  
pre tuvo sona de ser un anarquista.

### D. XOQUÍN

E vostede, Solón, que vive á conta destes  
parviños, que lle zuga o sangue, que os vol-  
ve tolos co-a sua xurisprudencia de camiño,  
que é? Qué sona lle temos de pór?

### SOLÓN

(Con maxestuosa serenidade) Eu son un  
hombre de orden.

### D. XOQUÍN

Ti escoitas, Mingos?

### MINGOS

Escoite vostede, meu amo; eu si que sei o  
que son: un escravo. Escravo da terra, do  
gando, da muller, dos fillos, do crego, do ca-  
cique, do usureiro, dos veciños, do segreda-  
rio, do demo que os leve a todos. Ando a tra-  
ballar como un negro dende que nacín e non  
tiven aínda intre de repouso nen anaco de  
ledicia.

### D. XOQUÍN

Salváivos, irmans. Deponde miudezas e  
xuntáivos, orgaizáivos; sodes os mais e os

mellores. Olla: toda a parroquia debería sere unha gran sociedade, cos mais vellos e independentes por dirixentes. A sociedade mercaría o xofre, as sementes, o sulfato, os abonos, as ferramentas, e aforraría todo canto gañan os tendeiros; a sociedade vendería directamente as colleitas, e tería mellores feiras; a sociedade resolvería as xusticias duns veciños cos outros...

### SOLÓN

(Erguéndose asombrado e saíndo de súpeto). Vostede está mais loco que un sarillo, patión.

### D. XOQUÍN

Tolo, si, tolo de todo, mais toleo por vós. Galicia é a terra mais fermosa, rica e fecundo do mundo, debería sere a mais farturenta, i-é a mais probe de cantas hai espaxadas por ahí endiante. Compre que todos nos poñamos na grande obra da súa salvación: hixiene, limpeza, traballo, cultura, método, orden, verdadeiro orden, orden auténtico. Tí crees en mín? Tí crees en min, meu vello Mingo?

### MINGOS

(Conmovido). Eu sí. (Con moito medo). Pro non llo digo a ninguén.

### PANO RÁPIDO

OUTRAS OBRAS  
EN GALEGO DE

ALVARO DAS CASAS

LADAÍÑA. Coleic. LAR.





Rematóuse de imprentar en  
N Ó S  
o San Xohan de 1936,

o'80 ptas.